

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN ORDINARIA DO 23 DE FEBREIRO DE 2017**

A C T A

Ás 14:30 horas do día indicado, reúnen-se na sala común de e-meeting do mestrado os membros reseñados a continuación:

Asistentes (4):

Natalia Caparrini Marín (vía telefónica), Belén Riveiro Rodríguez, Fermín Pérez Losada e Adolfo Fernández Fernández.

Ausentes (1):

Mercedes Solla Carracelas

ORDE DO DÍA:



1.- Aprobación, se procede, da actas das reunións anteriores: Ordinaria e Extraordinaria do 9 de febreiro de 2017.

Apróbanse por asentimento as actas ordinaria e extraordinaria do 09/02/2017.

2.- Aprobación, se procede, das horas de PDA máxima, con recoñecemento en POD, para o curso 2017-2018.

Previamente enviouse aos membros da CAM as horas de PDA máxima con recoñecemento en POD para o curso 2017-18, aprobándose por asentimento. O Presidente informa que existe a posibilidade de contar coa participación de profesores externos para o vindeiro curso xa que se conta con orzamento para elo.





3.- Aprobación, se procede, da oferta de prazas do máster para o curso 2017-2018.

O presidente da CAM informa de que non podemos solicitar, como era previsto, 21 prazas para o vindeiro curso polo que finalmente ofertaranse 20.

4.- Reparto da bolsa de horas de recoñecemento do máster para o curso 2017-2018.

O presidente da CAM informa sobre o reparto de horas de recoñecemento do máster que foi enviado en documento ao resto dos membros da CAM coa convocatoria. Os membros da CAM aproban por asentimento o reparto proposto que será enviado a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado para a súa aceptación.



3_Bolsa_De_Xestion
_Docente_17_18.pdf



Reparto bolsa
Máster Patrimonio1

5.- Aprobación, se procede, da declaración de interese para modificación do Máster no curso 18/19.


O presidente da CAM informa do cuestionario a enviar para a declaración de interese para a modificación do máster para o curso 2018-19. Fai especial mención ao apartado “resumo do alcance das modificacións propostas” onde debe constar, de xeito resumido, o obxectivo de ditas modificacións. Por ultimo, preséntase o plan de actividades a desenvolver nos vindeiros meses e que deben ser levadas a cabo pola CAM.




Decl_Interes_modif_
MASTER_2018_19_cu

6.- Rogos e preguntas.

Non hai rogos e preguntas.



HTCO₃



MÁSTER EN VALORACION,
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

Ourense, a 23 de febreiro de 2017

O Coordinador

Asdo. Fermín Pérez Losada

O Secretario

Asdo. Adolfo Fernández Fernández

DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 29/03/2017.

O Secretario,

Adolfo Fernández Fernández